

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE  
MAIO DE 2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de maio de dous mil dezaseis, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para ditos día e hora.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D.Víctor López Mateo.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias, que se retirará da sesión ao rematar o punto 10 da orde do día.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1. ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA  
DO 25 DE ABRIL DE 2016 E Á EXTRAORDINARIA DO 2 DE MAIO DE  
2016.**

Respecto aos borradores remitidos coa convocatoria, obsérvanse dúas correccións (\*) a efectuar no da sesión do 25 de abril, non habendo observacións sobre o da sesión do 2 de maio. Sometidos a votación –coas corrección efectuadas, no primeiro caso-, o

Pleno por unanimidade acorda aprobar as Actas das sesións da Corporación municipal seguintes: ordinaria do 25 de abril de 2016 e extraordinaria urxente do 2 de maio de 2016.

(\*) Correccións que se efectúan, ambas no punto de Rogos e preguntas:

- Nas preguntas do Grupo do PP, debe dicir “*presentadas por escrito*”, en lugar de “*presentadas por rexistro*”.
- Na pregunta 3) do Grupo de Esperta Monforte, debe dicir “*Ruliños Terra de Lemos*”, en lugar de “*Airiños Terra de Lemos*”.

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **2. ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (VINCULADA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA).**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (actualmente, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), aprobou a Orde do 14 de setembro de 2010, pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística (DOG nº 182, do 21 de setembro).

Na exposición de motivos da Orde dise que a Rede de Dinamización Lingüística pretende congrega as institucións con competencia na promoción do uso do galego no ámbito local. Entre elas, están, de xeito principal, os Concellos. Entre os adheridos á Rede non está o de Monforte de Lemos. A Concelleira Delegada de Cultura e o Técnico municipal de Cultura fixeron unha proposta sobre a conveniencia da adhesión.

O procedemento de adhesión figura no art. 14º da Orde citada, que no seu punto 4 indica que xunto coa solicitude en modelo oficial, deberase remitir o acordo de adhesión e a designación da representación política e técnica que participará na Rede, así como os correspondentes suplentes. Respecto á primeira, o art.5º.2 da Orde prevé que pertencen aos órganos de goberno da entidade local.

En consecuencia, o Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobado a adhesión do Concello de Monforte de Lemos á Rede de Dinamización Lingüística (vinculada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística).

**SEGUNDO.-** Designar a seguinte representación política e técnica que participará na Rede de Dinamización Lingüística por este Concello de Monforte de Lemos:

**Titulares.-** D. José Tomé Roca, Alcalde-Presidente.

D. Carlos Rodríguez Fernández, Técnico municipal de Cultura.

**Suplentes.-** Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, Concelleira delegada de Cultura.

D. José Martínez Rodríguez, Auxiliar administrativo e Filólogo.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di estar a favor disto, aínda que lle chirría que a Secretaría Xeral de Política Lingüística estea a favor da lingua galega, xa que hai pouca sensibilidade de quen nos goberna coa nosa lingua. Para a representación do Concello, para un mellor servizo dela, é conveniente ter demostrado coñecemento e defensa da lingua, Xosé Martínez teno demostrado, é unha das persoas adecuadas. Non temos coñecemento de se o Técnico de Cultura e a Concelleira son as persoas máis adecuadas. O Sr. Alcalde terá que recoñecer que o noso coñecemento do galego non vai máis alá de falalo. Neste caso, podería térselle ofrecido á portavoz do BNG. Que non sexa isto un paripé.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non tiña pensado intervir este Grupo. Pero, ao aplaudir esta iniciativa, cos obxectivos que aí figuran, faino por non compartir a visión de Esperta Monforte. A rede vai na liña da dinamización lingüística. Voto favorable.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que o voto do seu Grupo é a favor respecto a esta adhesión, non vendo que sexa tan relevante. Dá a impresión de que é un control da Xunta aos Concellos. É algo demasiado técnico e o uso do galego non depende desta Rede. O importante é poder utilizar as linguas

cooficiais en plano de igualdade, está lonxe de ser real a cooficialidade armónica. Pertencer é bo, pero non é o fundamental para a promoción da nosa lingua. É importante aplicar o Plan de normalización lingüística aprobado no Parlamento en 2004. A Orde non é clara sobre as responsabilidades dos técnicos dos Concellos, que deberían ser permanentes e con titulación. Non ten o Concello un responsable de normalización lingüística. O primeiro é unha praza de Técnico de normalización lingüística, coa remuneración que corresponda. Non se cumpren, se non, os requisitos. Cómpre un estudo máis serio disto, con medios permanentes e suficientes, tamén cun instrumento como unha ordenanza lingüística. É importante pertencer á rede, pero tamén o é un Técnico permanente e remunerado como tal, igual que se fixo no caso do CIM, de Contratación, etc.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que 78 Concellos de Galicia pertencen xa á Rede, estando entre eles algúns dos máis grandes. É semellante á Rede de Teatros, con actividades lingüísticas que traen ao Concello. Para a representación, teñen que ser os do goberno municipal. Esperta Monforte no que dixo desbarrou un pouquiño. Non lle saque tres pés ao gato. “Paripé” é pouco afortunado, cando non ofensivo. As actividades non teñen custo; cando o teñan, podemos valoralo. Sen custo, é participar igual que na Rede de teatro. Se queremos dinamizar a lingua e non aceptamos estas actividades, hai unha contradición. Crear unha praza de Técnico non é posible segundo a Lei de Orzamentos. Mellor estar na Rede que fóra.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non sabe se utilizou a palabra “paripé”. Se si, o que quixen resaltar é que nas representacións se mire o interese e a capacidade. Non se ofenda tanto se non ten coñecemento abondo do galego, sucédenos a moitos dos galegofalantes. Se se sentiu ofendido, ningún problema en retirar esa palabra. En todo o que lin deste decreto, non di que teña que presidilo o Sr. Alcalde ou que é quen ten que ir.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di por alusión do BNG ao bilingüismo cordial, que a tendencia é ao coñecemento equilibrado das dúas linguas. Non compartimos o do técnico en tódolos Concellos, tamén entón cumpriría un técnico en castelán. Fálase do non poder usar o galego as 24 horas, cando si se poden facer as xestións en galego. Está ben fomentar o galego, pero ben está a liberdade de todos, que é o bilingüismo cordial. Unha porcentaxe alta hai de coñecemento do galego. Esta Rede vai nesa liña. Reiteramos o voto a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que dixo que é bo, por iso van votar a favor. Pero digo que é insuficiente por parte da Xunta de Galicia. Reitero o do técnico cualificado na materia.

Do Sr.Alcalde, que di que non se refería á portavoz do BNG sobre que sexa bo, senón polo da contratación do técnico.

### **3. DETERMINACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL ORZAMENTARIA DESTINADA Á ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓNS AOS FUNCIONARIOS.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Intervención sobre a necesidade de dispoñer de máis crédito sobre o inicial orzamentado para gratificacións dos funcionarios da Policía Local, cifrándose esa necesidade nun incremento de 10.729,22 € sobre o previsto no orzamento en vigor para o exercicio de 2016.

O art. 6º do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, di que lle *“corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios”*, aínda que despois sexa outro órgano municipal o que aprobe a asignación concreta de gratificacións.

A cantidade total do orzamento de 2016 para gratificacións, sumando as distintas áreas de gasto, incluída a da Policía Local, ascende a 20.049,99 €, polo que un incremento dela en 10.729,22 €, levaríaa ata un importe de 30.779,21 €.

O informe de Intervención remata coa consideración de que se poida chegar en gratificacións ata o importe que se determine sen un expediente de modificación de créditos que lle corresponda aprobar ao Pleno, de non ser este necesario.

En consecuencia, o Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

#### **ACORDO**

Determinar como cantidade global orzamentaria destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios do Concello de Monforte de Lemos, a de TRINTA MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS DE EURO (30.779,21 €), cantidade que se pode obter por bolsa de vinculación de créditos ou por transferencia de créditos que non requira aprobación plenaria.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que intervén para solicitar que a Sra. Interventora dea aquí as explicacións que deu na Comisión Informativa, para que quede gravado.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se abstiveron na Comisión, á espera de estudar a documentación. O voto é a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor, igual que na Comisión Informativa. Non somos capaces coa actividade ordinaria da Policía Local cubrir certas cousas. Non utilice (dille ao Alcalde) á oposición como parapeto das súas decisións, non diga que á Policía Local non se lle pagaban as horas extraordinarias porque a oposición se negaba, non faga ese uso.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle roga á anterior interveniente que lle diga quen lle dixo semellante parvada; e con testemuñas, mellor. Falta a primeira vez que dixese iso nin da Policía Local nin doutros traballadores. Se vostede sementa a dúbida, acláreo.

Da Sra. Interventora, que di que o que se aproba non é unha modificación orzamentaria, senón do montante das gratificacións. Non é precisa unha modificación do orzamento polo Pleno, pero como gratificacións corresponde ao Pleno decidir a cantidade. O aumento é de 10.729,22 €, neste caso pola Policía Local. (O Sr. Alcalde di que cando se pasaron horas en 2015, non deu tempo a solucionalo). O informe de Intervención recolle o pendente de 2015, o gastado en 2016 e a previsión para o que queda deste ano.

#### **4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE EN DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS REFUXIADAS. DÍA 9 DE MAIO, DÍA DA VERGONZA.**

(Durante o debate, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame máis unha emenda de supresión e un engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

El día 9 de mayo se celebra el día de Europa. La fecha conmemora el día en el que Robert Schuman, Ministro francés de Asuntos Exteriores leyó la Declaración que lleva su nombre y que sentó parte de las bases de lo que hoy es la Unión Europea cinco años después de la finalización de la II Guerra Mundial

"La paz mundial no puede salvaguardarse sin unos esfuerzos creadores equiparables a los peligros que la amenazan" o "Europa no se hará de una vez. ni en una obra de conjunto: se hará gracias a realizaciones concretas, que creen en primer lugar una solidaridad de hecho" son frases que se leían en esta declaración.

Casi 70 años más tarde, vivimos la peor crisis de personas desplazadas desde la II Guerra Mundial. Esta es una crisis de humanidad y de solidaridad. Una barbarie. Una sucesión de conflictos armados, guerras e injerencias externas que amenazan con degenerar aún más si no se toman medidas urgentes.

Es la constatación de un modelo fallido de gestión migratoria y de una Europa vergonzante, muy alejada de sus valores fundacionales y de la ciudadanía a la que representa.

Más 60 millones de personas siguen saliendo de sus casas en países como Siria, Afganistán, Irak, Palestina, Eritrea, Ngeria o Somalia para huir de la guerra, del hambre o de la violencia sexual. Escapan de conflidos provocados por intereses geoestratégicos y económicos que promueven el expolio de riquezas y la venta de armas. El Mar Mediterráneo y las fronteras europeas siguen siendo las fosas comunes en los miles de personas pierden sus vidas: más de 4.000 en 2015, 400 la pasada semana. Seguimos viviendo con increíble desconcierto la pérdida de más de 10.000 niños y niñas en manos de las redes de trata y los abusos sexuales de cientos de mujeres refugiadas

Mientras tanto, los gobiernos europeos actúan de una manera inmoral que nos recuerda peligrosamente a tiempos pasados.

El pasado mes de septiembre la Unión Europea se comprometió a acoger a más de 120.000 personas refugiadas, 17.000 en el Estado español. En cambio, en el Estado español sólo se acogieron 18 personas.

Todo esto contrasta con la voluntad de la ciudadanía europea. Las movilizaciones ciudadanas a favor de los derechos de la población refugiada y desplazadas, así como los datos de los últimos Eurobarómetros, son buena muestra de que de nuevo la ciudadanía está muy por encima de quien la gobierna (el 85% de la ciudadanía del estado español y el 65% de la ciudadanía europea está a favor de ayudar a las personas refugiadas según los datos del Eurobarómetro de febrero).

Lo último y más infame llega ahora con el acuerdo entre la Unión Europea y Turquía, el ya conocido como acuerdo de la vergüenza. El acuerdo entre la UE y Turquía aprueba la expulsión de las personas que llegan a Grecia a Turquía, sin importar su edad, su nacionalidad, sus circunstancias personales o el motivo que les ha obligado a huir de su país. El acuerdo es inmoral y también ilegal, su aplicación práctica vulnera la normativa europea e internacional, y supone un riesgo para la vida de muchas personas refugiadas

Tal es el caso que la propia Comisión Española de Ayuda al Refugiado (CEAR) ha decidido denunciar el acuerdo UE-Turquía ante la Comisión Europea, el Consejo de Europa y el Defensor del Pueblo Europeo por la vulneración de los derechos de las personas refugiadas.”

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

PRIMEIRO.- “El Ayuntamiento de Monforte de Lemos muestra su más firme rechazo a la UE y Turquía con el objetivo de garantizar:

1. Rutas legales y seguras sin condiciones.

Es necesaria una alternativa humana, legal y responsable, basada en el reasentamiento incondicional de personas refugiadas con un número de plazas suficientes y en una voluntad política de los países de la UE para que el sistema de reubicación respete los derechos humanos.



2. El cumplimiento de los convenios internacionales v las directivas v legislaciones europeas en materia de asilo v refugio

Las personas solicitantes de asilo tienen derecho a procedimientos de asilo individualizados y con todas las garantías.

3. El respeto de los derechos humanos en las fronteras y garantía en la protección de las personas en especial a las menores v las más vulnerables

Una de cada tres personas que están a llegar a Europa son menores, la mayoría de las cuales se encuentran sin escolarizar. También las mujeres sufren de manera especial esta crisis al estar expuestas al acoso, a la explotación y a la violencia sexual durante el viaje y, también, al llegar a Europa. La Convención de los Derechos de la Infancia es muy clara en relación con la protección especial que deben tener las menores refugiadas o que soliciten asilo.”

SEGUNDO.- O Concello de Monforte de Lemos súmase á proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia o 30 de marzo de 2016 por unanimidade, na que se acorda:

- Seguir traballando na coordinación, dentro do Plan de Acollida, de todos os recursos dispoñibles tanto das administración como das ONGs e das familias galegas, co gallo de favorecer a efectiva integración da persoas solicitantes de protección internacional.
- Defender no ámbito comunitario políticas construtivas e coordinadas fronte ás ameazas dos controis fronteirizos que se cernen sobre o espazo Schengen. A introdución permanente de controis fronteirizos non pode ser a resposta ás arelas dos cidadáns da UE de maior seguridade e protección do seu nivel de vida.
- Rexeitar calquera acordo que contemple expulsións colectivas de refuxiados sirios, así como a necesidade da adopción dun acordo respectuoso coa legalidade internacional e os Dereitos Humanos, e especificamente, que calquera expulsión a Turquía só será posible adoptala tras a conclusión dun expediente de asilo individualizado con todas as garantías”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o 9 de maio é o día de Europa. Non vou ler a moción enteira, pero si facer un resumo. O idioma no que está presentado é porque a moción é xenérica. Estase a pechar os ollos aos refuxiados, ocorreuselle á UE o tratado con Turquía. Está o desmantelamento do campo de Idomeni. Morre xente tódolos días, nestes últimos días de forma masiva. Pedimos un acto simbólico para o 9 de maio –foi rexistrada a petición o 6 de maio-,

pero estes mortos deben ser menos importantes. Non tivo o Alcalde a ben facer nada. Non sei se responde á pouca importancia do problema ou á pouca importancia deste Grupo. En política, gustaríame aprender cortesía cos portavoces: non que se dea a razón, pero alomenos contestar. Le a parte subliñada do apartado A dos acordos da moción. Sobre a emenda do BNG de supresión do apartado B dos acordos, contestarei na seguinte quenda. (O Sr. Alcalde dille que en temas de xenerosidade e cortesía, ela non lle gana).

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que xa en setembro houbo unha moción do BNG, e outra do PP considerando este asunto como cuestión de Estado; no anterior Pleno, houbo unha declaración institucional con emenda deste Grupo. Os diferentes gobernos da UE actúan con ética e legalidade, segundo os tratados e a normativa. O Congreso dos Deputados aprobou actuar segundo o acordo con Turquía, con cumprimento de dereitos. A UE leva destinados 9.200 millóns de euros dende o comezo da crise para afrontala, hai 1.300.000 peticións de asilo, 190.000 no que vai de ano. Este Grupo vai apoiar que o Concello dentro das súas competencias actúe. Queremos que se volva engadir o do Parlamento de Galicia do Pleno anterior.

De Dña. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que a emenda do seu Grupo é por estar de acordo co punto A do que se propón acordar na moción, pero queren a retirada do punto B, porque mestura moitos temas. Victoria Ortega, presidenta do Consello Xeral da Avogacía Española, di que se vulnera un dereito natural, que se trata ás persoas como moeda de cambio. Imos votar a favor, se se acepta a nosa emenda, porque o punto B é un “totum revolutum”.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á propoñente da moción que para cortesía a dela antes co que dixó de paripé. Aprobar o que digan as ONGs é como vir recitar os salmos. O Partido Socialista está en contra, non é vostede a única. Votamos en contra do acordo con Turquía. Ofrecimos a nosa axuda á Federación de Municipios e Provincias. É como se fan as cousas, non con soflamas. O noso compromiso está fóra de toda dúbida. Está molesta porque non se lle baixou a bandeira, está no seu dereito. Cre que con bandeiras e declaracións de intencións arránxanse os problemas? Non imos entrar nesa guerra. Fixo comparacións cos atentados de Bruxelas, non ten medida do que di sobre o valor dos mortos. Non é comparable cos mortos en atentado terrorista, que teñen un especial significado. O escrito non se contestou, porque non hai que contestar actos de propaganda, isto aseméllase máis a unha pataleta. Defendemos unha nova política de refuxiados, seria e coherente. O que propón xa foi

aprobado, facendo populismo non se resolven os problemas. Concordamos co PP nunha emenda segundo o acordado no Pleno anterior.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que é marabilloso escoitar que se traen temas concorrentes. Non é a primeira nin a segunda vez que vostedes (PP) traen as mesmas mocións. Non debera suceder, pero para iso hai que dar cumprimento ao que se acorda nas mocións. Se se tivese atendido o escrito presentado para o día 9, esta moción non tería entrado. Son unha das persoas ás que menos lles gustan as bandeiras. Non é bandeira de ningún país, é a bandeira de apoio ás persoas peor tratadas pola Unión Europea. Acepto a emenda de substitución do BNG, ese punto B) efectivamente non corresponde ás entidades locais. Esta moción foi aprobada en varios Concellos. Cita algúns como Fene, Valdoviño ou Moraña. Veño a este Concello a aprender.

(O punto B) dos acordos, que queda retirado, dicía o seguinte: "*(Que el Ayuntamiento) B. Apruebe una moción que recoja las demandas de ONG y colectivos sociales para garantizar o instar a otros niveles de gobierno a:*

- *Ampliar y agilizar el sistema de asilo para las personas que ya están en el Estado español y que actualmente están pendientes de ser atendidas, mediante el refuerzo de la Oficina de Asilo y Refugio del Ministerio del Interior y de personal debidamente formado en las Oficinas de Extranjería, para conseguir una mayor agilidad en las entrevistas de solicitud.-*
- *Facilitar el empadronamiento de las personas refugiadas que lleguen al municipio y facilitar los trámites a las personas que ya lo solicitaron.*
- *Una mayor sensibilidad a la hora de dar respuesta a las personas que pueden acceder al sistema de acogida porque está colapsado (en lugares como Madrid se tarda un mínimo de 4 meses en obtener una cita).*
- *Interlocución entre las diferentes administraciones: estatal, autonómica y local. Que las organizaciones sociales y los ayuntamientos trabajen conjuntamente, mano a mano, en la puesta en marcha de campañas de sensibilización dirigidas a la población para combatir los discursos racistas y xenófobos.*
- *Recuperar los fondos de cooperación al desarrollo y los programas de atención a la población de origen extranjero previos a los recortes. lo cual contribuirá a mejorar la situación en los países de origen y a construir una sociedad justa y cohesionada*
- *Poner a disposición de las personas migrantes y refugiadas recursos que también beneficien al conjunto de las personas en situación de pobreza y/ o exclusión: recursos sanitarios, de refuerzo escolar y educación inclusiva plena, de traducción, de integración y mediación, etc.*

- *La puesta en marcha de un programa de formación dirigido al personal de las administraciones públicas que atienden en distintos servicios a personas migrantes y refugiadas.*
- *Que se actúe sobre los problemas de origen: adoptando medidas para luchar contra la desigualdad, reducir la pobreza y prevenir los conflictos armados en las zonas de origen; cumpliendo rigurosamente con el Tratado de Comercio de Armas y garantizando que las políticas comerciales, económicas y diplomáticas respetan los derechos humanos y los recursos locales y que las empresas transnacionales no esquilmán los recursos de los países de origen y cumplen las leyes de transparencia y fiscalidad.*
- *Que se revise en profundidad la política migratoria y exterior europea.”).*

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que as mocións reiteradas polo PP segundo di Esperta Monforte, son do anterior mandato non aceptadas ou cumpridas, sempre de cousas de Monforte, non de ONGs e outras cuestións alleas. De acordo co do BNG e sempre que se engada o do Pleno anterior. Procede a lelo (é o que está no punto Segundo do acordo que resultou aprobado).

De Dna. Pilar López Martínez, que di que ante un drama humano, todos estamos de acordo. O ton no que se está tratando non é o máis adecuado. Podería seguir co da presidenta do Consello da Avogacía. Respecto á proposta do PP, ningún problema en engadilo.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que están a favor, coas dúas emendas que se formulan.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que esta moción non se tería presentado se o tema tivese sido tratado doutra maneira. Na Comisión informativa, o Alcalde tivo xestos e chanza que aquí non reproduciu o portavoz do seu Grupo, gustárame que tivese intervido o Alcalde. As dúas emendas, do BNG e do PP, son aceptadas.

#### **5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE APERTURA DOS VIALES DO PORTO SECO QUE RESULTEN NECESARIOS PARA DARLLE SAÍDA E POÑER EN SERVIZO O ACCESO ATA A LU-933**

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O Porto Seco de Monforte, naceu coa vocación de ser un revulsivo que revitalizaría a economía da Terra de Lemos. Unha gran plataforma loxística avalada pola súa estratéxica ubicación ferroviaria, a súa situación equidistante respecto os principais e aeroportos de Galicia.

O Convenio que daba saída ao Porto Seco se firmou no ano 2000, pero non foi ata o ano 2010, que o actual goberno da Xunta lle deu o impulso necesario, acometendo as obras de urbanización e posteriormente as do acceso coa LU-933 a pesares da situación de crise que estabamos a vivir.

A redución do prezo do solo e a declaración de proxectos singulares a dúas empresas interesadas en implantarse no Porto Seco, fixo que os monfortinos e os veciños da comarca de Lemos, recuperáramos a confianza neste proxecto, e na posibilidade de que a realidade da infraestrutura se convertira pronto nunha realidade empresarial.

Unha realidade empresarial que se materialice en postos de traballo directos e indirectos, en investimentos, e por tanto, en actividade económica nunha comarca e particularmente nunha localidade, moi afectada polo paro e a recesión.

En data recente, coñecemos que o mal estado de mantemento e conservación que presenta a rede e as instalacións do saneamento urbán de Monforte, impedían conectar o saneamento do Porto Seco, á rede urbana, o que imposibilitaba a obtención de licencias e como consecuencia, a implantación de empresas no P.Seco.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, no afán de favorecer a posta en servizo desta plataforma, foi quen de elaborar un proxecto para solventar os problemas de saneamento do Porto Seco, e mesmo colaborar economicamente co 50% do custe da depuradora.

Ademais da importante inversión que supuxo a adquisición do terreo e a urbanización do Porto Seco, mesmo a resolución dos problemas de saneamento que presentaba, a Xunta de Galicia, fixo un importante esforzo económico para comunicar esta infraestrutura coa LU-933 e segue a traballar para darlle continuidade ata a N-120.

O acceso do Porto Seco coa LU-933, supuxo unha inversión de 6,2 millóns de euros. Trátase dunha estrada de 2'1 km de lonxitude, con dous carris de 3,5 metros de ancho e arcens de 2,5 metros. O tramo conta con catro viaductos, tres sobre vías existentes, e outro sobre o regato Rioseco. A estrada está remata e lista para a súa posta en servizo.

Nembargantes, en tanto non se execute o acceso coa LU-546, obra moi ambiciosa técnica e orzamentariamente, a única forma de poñer en servizo a estrada que xa está rematada, nesa dirección, é dándolle saída hacia a LU-546, a través da C/ Juan Montes e dos viales necesarios do Porto Seco.

O pasado 5 de maio, ven de firmarse o convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Monforte, para a execución e posta en funcionamento da depuradora do Porto Seco. Coa firma dese convenio, danse por recibidas todas as obras de urbanización dos viales do Porto Seco, de maneira que lle corresponde ao Concello, abrir o tránsito os viales que resulten necesarios para poder darlle saída a este acceso.

Esta posta en servizo do acceso do Porto Seco coa LU-933, permitirá as persoas que dende a zona do Castelo se dirixan hacia Lugo, evitar o tránsito polo centro da cidade e viceversa.

A posta en servizo desta estrada, non so urxe por unha cuestión de eficiencia no uso dos recursos públicos, pouco compatible co feito de ter a estrada pechada, senon que daría servizo a moitos empresarios que se ubican na zona do Castelo nos seus desprazamentos hacia Lugo.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

1.- Acordar a apertura e posta en servizo dos viales do Porto Seco, que resulten necesarios para -a través deles e da rua Juan Montes-, darlle saída -hacia a LU-546-, á estrada que comunica a plataforma loxística coa LU-933.

2.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en servizo o citado acceso coa LU-933, no momento en que os viales do Porto Seco que resulten necesarios para ese fin, se abran o tráfico.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que fai unha intervención segundo o que reflicte a exposición de motivos da moción. Esperamos contar co apoio dos outros Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é moito dicir o da exposición de motivos sobre que se dinamizaría a economía da Terra de Lemos. A confianza en contar próximamente con dúas empresas non é o que se di na rúa. A xente refírese ao moito gasto, mesmo malversación, e hai xocosidade sobre as dúas empresas. Unha delas esixe un gasto para saneamento. Desculpas, se a realidade non resulta como digo. A favor da moción, de todas maneiras.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que o voto do seu Grupo é a favor. A explicación está suficientemente clara. Concordamos na apertura do vial. Aproveito para recordarlle como parlamentaria que lle lembre ao Presidente da Xunta a conexión de “Butano” á N-120.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que van apoiar a iniciativa, pero hai algunhas afirmacións no texto da moción que non son correctas. A presentación do Porto Seco foi feita en 2001 por Manuel Fraga. A Memoria dicía que as obras finalizarían a finais de 2005. Fomento cumpriu coa súa parte. A Xunta de Galicia nada fixo entre 2001 e 2005. Foi o bipartito quen comprou os terreos, fixo o Plan e non puido máis porque rematou o seu mandato. A Xunta de Feijoo, en sete anos, urbanizou un terzo do previsto. Os accesos están sen rematar. Non é recentemente, o de non autorizar a Confederación Hidrográfica a conexión da depuración. O informe do Aparellador di que segundo o art. 2.2 do Decreto da Xunta corresponde á Xunta de Galicia resolvelo. Queríase que fixesemos nós o saneamento cando era da Xunta, que deasemos licenzas cando non se podía. Pero o 50% a poñer, polo Concello que non sexa. O proxecto da Xunta foi requirido por segunda vez, o día 26, pola Confederación Hidrográfica, temos que ver que Xestur cumpra co requirimento. Dise “esforzo da Xunta”, pero a N-120 non está conectada e non é tanta a distancia. FCC foi encargada das obras pola Xunta en novembro de 2015. Sigo na segunda quenda.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o convenio é do ano 2000. Sobre finalizar en 2005, hai tantos proxectos presentados que non se cumpriron, como a A-76 polo ministro Blanco, o de “Pacadar”, etc. Gobernaron en anos de bonanza, do 2005 ao 2009, pero os cartos puxéronos outros en 2011 en plena crise, seis millóns para a urbanización e seis millóns para o acceso á LU-933. No proxecto sectorial prevíase a conexión á rede urbana. Pero cando non é posible, vostede (Alcalde) di que é da Xunta.

O da Xunta é urbanizar e darlle saída. A Xunta pon o 50% e o proxecto para un problema municipal moi grave. A obra xa está entregada, pedimos que se poña en servizo. Lamento o futuro das desculpas de Esperta Monforte, cuestionar como malversación un asunto de tanta ilusión é un fraco favor aos monfortinos. Agradezo o apoio, salvo o PSOE.

Do Sr. Alcalde, que di que o primeiro que dixo foi que apoiaba a iniciativa. O informe da Policía Local di de abrir un só vial, un é necesario; se se abre o conxunto dos viais, pode haber un lugar de competición, que ninguén desexa, como noutros sitios. De acordo con abrir ese treito. Hai contacto entre a Xunta e o Concello para abrir o mesmo día, ela onde o Butano, o Concello na rúa Juan Montes. Sobre outras infraestruturas, a A-76 está como está grazas a quen a puxo así. Foron vostedes os que quitaron a partida dos orzamentos para a Ponte da Aceña Nova. Co de “Pacadar” chegouse onde se puido: comprar terreos, e cando se recalificaron, foi cando non se podía polo saneamento. Os dos anos de bonanza non gobernaron entre 2001 e 2005, cando Aznar e Rato dicían o de España vai ben. Que fixo a Xunta entre 2001 e 2005? Fomento, con Cascos, cumpriu; a Xunta, non.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que o Alcalde saltou a quenda, e o cronómetro, xa que tardou en poñelo en marcha. Di que acaba de ser requirido de novo pola Confederación Hidrográfica por ese proxecto do convenio, no convenio vai o paquete enteiro, dinlle que licite as obras, o Concello é responsable por tanto. Lamento dicirlle unha vez máis a seriedade dun proxecto que hai moito tempo que tiña que estar rematado e en servizo. Moito me temo que o convenio é un fiasco restando o dos vertidos, irá caendo como cando as casas empezan polo tellado, aínda que a Xunta é realmente a responsable de non ter dado solución ao saneamento.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que agás Esperta Monforte todos tivemos responsabilidades na Xunta de Galicia. Agora o que se pide é a apertura dos viais. A moción do PP non é de abrir tódolos viais –efectivamente é contraproducente–, senón os das LU-933 e LU-546, en concreto. Miremos para adiante. O Alcalde que faga as reunións que fagan falta con tódalas administracións para traer as empresas que queiran instalarse. Para os viais concretos, o noso apoio.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que pide respecto para a oposición. O Alcalde alterou a quenda e os minutos, son tres na segunda e estivo máis de seis minutos. Non faga demagogia cos viais: os que sexan necesarios. A portavoz do BNG entendeuno perfectamente. “De acordo para o mesmo día”, xa o pon o punto 2. Vostede é o Alcalde



desta cidade, pídolle rigor porque di sobre a A-76 e a ponte da Aceña Nova algo que non é certo, que o PP retirase orzamento para iso. Que o diga o anterior Alcalde. Quen puxo cartos e materializou a infraestrutura foi a actual Xunta. Para apoiar, non hai que cargar contra o Porto Seco, senón agradecer á Xunta o 50% e o proxecto nun problema municipal. (O Sr. Alcalde di que segundo os técnicos é da Xunta).

**6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓN DO DEPÓSITO DO CORNADO APROBADO EN PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN OUTUBRO DE 2015.**

(Durante o debate, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha emenda de substitución do acordo da moción modificada tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Como lembrarán, cando a obra de Ampliación e Mellora do sistema de tratamento de auga potable de Monforte de Lemos (Nova Potabilizadora de Rivas Altas) estaba moi avanzada e xa practicamente definidas as aportacións de cada unha das administracións, detectouse un problema na impermeabilización no depósito do Cornado e posteriormente outra na cuberta do mesmo.

O orzamento para estas dúas actuacións tense valorado en 250.000€ aproximadamente tanto para a substitución da cuberta como a impermeabilización do depósito e o seu entorno.

Este Grupo Municipal xa levou ao Pleno da Corporación Municipal do pasado mes de outubro unha moción na que se solicitaba a dotación de orzamento municipal para levar a cabo as obras de substitución de cuberta e impermeabilización do Depósito do Cornado.

Nese pleno foi acordado por unanimidade e posteriormente foi incorporado na memoria do orzamento dicindo na páxina 13 da MEMORIA DE ALCALDÍA ORZAMENTOS 2016 o seguinte:

... ”Convén sinalar, en canto ás obras a incluír no Convenio que se prevé formalizar no exercicio 2016, coas outras administracións para o Plan de Redución de Vertidos, que

*se tratará de obras de saneamento e canalización que sexa necesario acometer para minimizar os vertidos ao río Cabe, incluída a obra de SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓN DO DEPÓSITO DO CORNADO, e sempre se tratará de obras que non sexan por conta da actual adxudicataria de Xestión da Auga Potable e Depuración....”.*

*Figurando no desglose do orzamento a cantidade de 325.772,85€ como unha operación de endebedamento e baixo o epígrafe CONVENIO CONCELLO, XUNTA, CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E DEPUTACIÓN PARA O PLAN DE REDUCIÓN DE VERTIDOS.*

Por outra banda, no pleno do pasado día 25 de abril aprobouse unha modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral do exercicio 2016 mediante modificación das finalidades ás que se destina o financiamento da operación de endebedamento para investimentos quedando como segue:

*APORTACIÓN AO CONVENIO CONCELLO, XUNTA, CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E DEPUTACIÓN PARA O PLAN DE REDUCIÓN DE VERTIDOS: 181.782,85€ E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO PARA A OBRA DA “EDAR E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1º FASE) DO PORTO SECO: 143.990,00€*

Polo que entendemos que o acordo plenario do pasado mes de outubro non vai poder levarse a cabo cos números dos que dispoñemos, a non ser que o Concello consiga outros recursos.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

(Sempre que non sexa unha obriga do contrato de Abastecemento de Auga Potable e Saneamento que na actualidade lle corresponde á empresa Aqualia) ESIXIRLLE ao equipo de goberno que habilite partida orzamentaria con fondos propios e/ou colaboración doutras administración para dar cumprimento ao acordado por unanimidade no pleno referenciado do mes de outubro de 2015 e así proceder á substitución da cuberta e a impermeabilización do Depósito do Cornado no presente exercicio de 2016.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción, co acordo ditaminado substituído polo propio Grupo proponente. O ditaminado dicía así: *“Instar ao equipo de goberno para que habilite partida orzamentaria para dar cumprimento ao acordado por unanimidade no pleno referenciado do mes de outubro de 2015 e así proceder á substitución da cuberta e a impermeabilización do Depósito do Cornado no presente exercicio de 2016.”* O que o substitúe é o seguinte: *ESIXIRLLE ao equipo de goberno que habilite partida orzamentaria con fondos propios e/ou colaboración doutras administración para dar cumprimento ao acordado por unanimidade no pleno referenciado do mes de outubro de 2015 e así proceder á substitución da cuberta e a impermeabilización do Depósito do Cornado no presente exercicio de 2016, sempre que non sexa unha obriga do contrato de Abastecemento de Auga Potable e Saneamento que na actualidade lle corresponde á empresa Aqualia”.*

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que figuraba nunha partida dos orzamentos para este ano. Concordo na emenda de substitución de que se valore a obriga de Aqualia.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que eles preguntaron por isto no Pleno pasado. Coa modificación dos investimentos, non hai crédito suficiente para o Plan de vertidos. O Concello asume o 50% da depuración do Porto Seco, por que se non é competencia municipal? Somos conscientes do problema da cuberta do Cornado. En 2014, Acuaes propón obras de mellora do depósito, o anterior equipo de goberno decidiu non facer as obras de mellora da cuberta, o mesmo Grupo que vén agora a pedilo. Imos avanzar, mirar para adiante: eméndanse a si mesmos e engaden *“sempre que non sexa unha obriga do contrato de Abastecemento de Auga Potable e Saneamento que na actualidade lle corresponde á empresa Aqualia”*. Tal vez é máis útil, xa que en 2014 decidiron non facelo, deixalo enriba da mesa e clarificar as obrigas da concesionaria. Para que unha partida se o informe de Intervención é, como na rúa Corredoira, que a obra é con cargo a Aqualia? Nós imos apoiar, pero tal como está formulada a emenda, primeiro é aclarar o de Aqualia. Bastante lío temos con Aqualia para seguilo incrementando.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que ela tamén ten tido máis tempo de intervención. Pode haber un despiste, pero non foi falta de respecto. O problema do depósito do Cornado foi detectado en 2013/2014, antes de recibir as obras da potabilizadora. Falei co enxeñeiro de Acuaes, puñan 230

millóns de euros. A Xunta de Goberno aprobou un proxecto para facer as obras, coa impermeabilización que ía pagar Acuaes, que di que o Concello arranxe o teito –cunha lámina de PVC- para poder facelo. Como o Concello non o fixo, rescindiron o contrato que tiñan coa empresa San José. Espero recuperar aínda o de Acuaes, non é o mesmo 50 ou 60 mil euros para a cuberta, que pagar toda a impermeabilización. De acordo co PP en deixalo sobre a mesa para mirar de onde se pode financiar.

De Dna. Pilar López Martínez, que di, sobre deixalo sobre a mesa, que está claro na emenda: “sempre que non sexa unha obriga do contrato de Abastecemento de Auga Potable e Saneamento que na actualidade lle corresponde á empresa Aqualia”. Primeiro os informes de quen proceda e despois habilitar ben fondos propios ben en colaboración. Non é necesario que quede sobre a mesa, tal como está redactado. A información sobre os problemas co depósito do Cornado en 2014, é case do fin do mandato. Se non se fixo, estará mal, pero miremos para adiante. Sei que só con fondos propios é inasumible, por iso hai que mirar outras administracións.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que está claro que se clarifique se Aqualia debe asumilo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o problema é que na proposta tal como está redactada, non hai requirimento cara a Aqualia. A redacción non é moi axeitada. Detectado o problema a finais de 2014, le o informado entón sobre non ser asumible polo Concello. Non concordamos, pero agora hai que clarexar o que imos votar, tal como está redactado é pouco coherente.

Do Sr. Alcalde, que di entender que naquel momento non se fixese; un erro, pero xa está. Agora a cuberta e tamén a impermeabilización, isto non debe ir no paquete. Estaríamos asumindo unha obra que non deberíamos facer. Mellor deixalo sobre a mesa.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non sabe se empezar o acordo pola previa valoración dos técnicos, ese é o espírito. (O Sr. Alcalde insiste en que son dúas obras diferentes). Que sexan tamén os técnicos os que o digan. (Chegou a haber contrato coa construtora San José, di o Sr. Alcalde). Pasa a primeiro lugar o último párrafo do acordo, polo espírito deste. (Nun paréntese, di o Sr. Secretario). (Nós non estamos a favor, porque son dúas obras, di o Sr. Alcalde). (A portavoz do PP di que é previo determinar quen debe asumir as dúas obras).

**7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ACONDICIONAMENTO DA RÚA PONTE DOS PICOS, ENTRE A NACIONAL 120 E A RÚA DA ESTRELA.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“Nos últimos días, varios veciños residentes na Ponte dos Picos e o seu contorno, téñense dirixido a este Grupo Municipal para queixarse do estado que presenta a rúa que comunica a Rúa Benito Vicetto, perto da rotonda da N-120 e a rúa da Estrela, no que respecta á falta de desbroce da vexetación e especialmente ás fochas que se observan no asfaltado da mesma, que fan que sexa intransitable.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar ao equipo de goberno a que leve a cabo as actuacións necesarias tanto de limpeza e desbroce da vexetación existente na rúa Ponte dos Picos, como a recuperación da calzada na que existen numerosas e grandes fochancas que dificultan o tráfico desta zona da cidade.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), seis votos en contra (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta, co voto de calidade do Sr.Alcalde (do Grupo Socialista) tras unha segunda votación con idéntico resultado (art. 100.2 do ROF), o seguinte

**ACORDO**

Non aprobar a moción do Grupo municipal do BNG sobre o acondicionamento da rúa Ponte dos Picos, entre a Nacional 120 e a rúa da Estrela.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que en Comisión informativa se lles dixo que estaba resolto. Alegrámonos e seguimos coa demanda de limpeza e desbroce nesta rúa e nas parroquias. Está resolto en parte, a da vexetación.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que se está arranxado, nada hai que dicir.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que anuncia a abstención; se o Alcalde di que xa está acometido, para que instar?

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que non están a favor de solicitar algo que xa está feito. Outras veces, neste caso, retirábase a moción; aquí, non. Fíxose en canto o tempo mellorou; e contando co tempo, está feito o bacheo, e o desbroce cando lle toque. Non hai lugar a manter a moción, así que non a ela.

De Dna. Pilar López Martínez, que se alegra por telo feito. Descoñecía que estaba no seu plan de bacheo.

De Dna. Maribel García Díaz (o Sr. Alcalde di que se renuncia á primeira quenda, non ten dereito á segunda), que di que vén a aprender. Unha lección maxistral acabo de escoitar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que aquí aprobamos unha moción sobre arranxo de fochancas. Últimamente tense feito. Insistindo no espírito daquela moción, o plan é máis que ir tapando buracos. Invita á reflexión sobre o acordo plenario.

Do Sr. Alcalde, que di que os baches existen, governe quen sexa. Hainos tódolos invernos e repararanse despois. Pode preguntar a Alcaldes dos seus (PP) sobre convenios asinados, que Candia botou atrás coa súa actitude sobre o orzamento provincial.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que a ela o que lle interesaba é que se bachease tamén esa parte da cidade. Houbo, hai e haberá baches, porque hai kilómetros e kilómetros de pistas asfaltadas. A moción mantense, cada un que vote o que considere.

**8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR A PRESENZA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS NAS MESAS DE CONTRATACIÓN.**

(Durante o debate, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Como todos recordaremos, o grupo municipal do BNG xa ten presentado en dúas ocasións (o pasado 28 de decembro do ano 2015 e o 4 de abril de 2016) mocións instando a este equipo de goberno a participación de todos os grupos políticos municipais que así o desexen, nas mesas de contratación con voz e sen voto. Nas dúas ocasións quedaron aprobadas ambas mocións con once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista)

Un dos compromisos e dos labores máis importantes que ten que realizar calquera goberno é o de actuar con total e absoluta transparencia.

Fortalecer a confianza da sociedade nas institucións impulsando o bo goberno, a transparencia e a rendición de contas das súas actividades é algo que hai que facer cada día dende calquera institución pública.

Garantir a igualdade de oportunidades en cada un dos concursos, ou convocatorias, que realiza o Concello de Monforte, ademais de ser necesario, resultaría exemplarizante.

Dende espertamonforte! consideramos que a presenza de todos os grupos políticos nas mesas de contratación (de calquera índole), fará do Concello unha administración máis transparente e igualitaria, ademais de máis democrática.

Temos nos vindeiros días/meses contratacións de obras moi importantes para o futuro de Monforte, tales como o saneamento do Porto Seco, sen esquecer todas as outras de calquera índole.

Argumentou vostede, Sr Alcalde, no Pleno do 4 de Abril de 2016 que non pode cambiar a lei cunha moción e que a mellor transparencia é cumprir a lei, dixo tamén: “A parte que é pública pode asistir. Fago o compromiso de que sexa avisada pero non á parte non pública”. Sr. Alcalde, a parte pública, como o nome indica é pública polo tanto xa sei que podo asistir, agradézolle de todos os xeitos que me avise e ten o meu compromiso de que sempre que poda estarei presente, pero a cuestión non é esa, o que se aprobou en Pleno tal como dixeran o principio foi que un representante de cada grupo municipal, que así o desexe, poda asistir con voz pero sen voto as mesas de contratación.

Como a día de hoxe seguimos sen ser convocados ás diferentes mesas de contratación, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

Esiximos que se dea cumprimento os acordos Plenarios do 28 de Decembro de 2015 e 4 de Abril de 2016 , polo tanto que en tódalas fases das mesas de contratación estea presente un representante de cada grupo municipal, que así o desexe, podendo asistir con voz pero sen voto.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción. Explica que se non se ten nada que esconder, nada se debería opoñer. O público está ben, pero o que se aproba é que en tódalas fases. Le o que “esiximos”.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o que se pide é dar cumprimento a dous acordos plenarios. Este Grupo ten traído iniciativas do anterior mandato. O que parece raro é tres veces en cinco meses a mesma iniciativa. Non me quedou claro o que quedou acordado, podería ser tratado co Secretario. Primeiro tal vez aclarar, pero a favor como antes.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor, porque foron eles os que trouxeron en dúas ocasións estas iniciativas. Houbo o voto a favor nas dúas ocasións de toda a oposición e o voto en contra do goberno municipal. No acordo non hai corrección ou emenda, era que participasen tódolos Grupos. Séguese menosprezando a toda a oposición. O problema non é que se debata as veces que sexa, senón que non se cumpra o acordado. Todo o que sexa máis que a lei, é mostra de máis transparencia, máis claridade, máis democracia. Se non hai nada que ocultar, ningún problema en que esteamos. O noso labor é fiscalizar o labor do goberno, non hai vontade deste. Con Tomé en 2003 de Tenente de Alcalde, por vontade de M<sup>a</sup> José Vega, houbo voz e voto nas mesas de contratación. Nos últimos catro anos non se fixo, pero tamén é certo que na súa responsabilidade de fiscalizar, non o pediu; se o tivese pedido e nós negado, falaríamos doutra cousa. Insisto, se nada hai que ocultar, por que non se leva a cabo? Convocounos, é certo, para a parte pública dun contrato. Calquera cidadán pode acceder a esas partes públicas. Trátase unicamente de vontade política. En 2003, foi con voz e voto, pero o voto máis para os técnicos que para os políticos, por iso voz.



De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que é a terceira vez que se vén sobre o mesmo. A nosa resposta vai ser a mesma. A mellor maneira de ser transparente é cumprir coa lei. Se considera que a lei ten falta de transparencia, intente modificar a lei. Facemos o que se facía ata agora. Se había transparencia antes – non o negará-, tamén a hai agora. Cando o Pleno contrate, o Pleno decidirá; cando a Xunta de Goberno, a Xunta de Goberno. Se se ven cousas que se pensan, están os tribunais. Comprometémonos a avisar da mesa, iso é o que estamos facendo. Practicouse só unha vez en 2003. O voto é en contra.

De Dna. Maribel García Díaz, que pregunta se estando en tódalas fases, estamos contravindo a lei. Non pode dicir iso, ir máis alá da lei non é contravir a lei, seino ata eu, que son enfermeira. Cumprir a lei non é transparencia, é obriga. Transparencia é dar a coñecer. Entendía que non había nada que esconder, que lles costaba que esteamos nas mesas de contratación? Repito que cumprir a lei non é transparencia, é obriga. Efectivamente, se non se cumpre a lei, ao xulgado. É tan sinxelo como comunicar tódalas fases, non só a pública. Como non hai vontade de facelo, podemos seguir recriminando.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que no Pleno de decembro –le o acordo-, acórdase un representante con voz pero sen voto. Non tódolos contratos teñen mesa. Se hai mesa, hai unha parte pública, á que calquera pode asistir. O que entendín como acordo pode entenderse que se cumpre coa invitación á parte pública; é necesario clarexar, pero a favor, é unha obviedade cumprir cos acordos votados.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que como non hai vontade política, para a parte pública excusa invitalos. Como non hai vontade política, podemos seguir así. Non dixeran que se estivese ocultando, senón “se non hai nada que ocultar”. Por que non se nos permite? A lei non prohibe mellorar os seus apartados. A lei é un mínimo. Aquí estamos falando de vontade política. Tomé, como 1º Tenente de Alcalde no primeiro mandato de Severino, viu á oposición nas mesas. Se non queren que esteamos, séguense comportando como se tivesen maioría absoluta. Pode contar Esperta Monforte co noso voto a favor.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que o concepto do BNG da vontade política é de embude, segundo goberna ou non. O acordo é instar ao equipo de goberno, o equipo de goberno dáse por instado. Vostede (a proponente) pode instar estar na Xunta de

Goberno e pode aprobarse. Non hai obriga de ir contra o procedemento administrativo. Se non queren que se lles avise, díganlo.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que parece que di que é ilegal que esteamos nas mesas de contratación. Hai alguén sancionado por mellorar a lei? Si por facer ocultacións. Non é a parte pública a que lle estamos solicitando, pídesse en tódalas fases.

**9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA DEDICAR O BAIXO DO HOTEL COMERCIO A CENTRO DE RECEPCIÓN DE PEREGRINOS, INTERPRETACION E DIVULGACIÓN DO CAMIÑO DE INVERNO, E OUTRAS ACTUACIÓNS RELACIONADAS.**

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar López Martínez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

*“El Camino de Invierno es una ruta de peregrinación a Santiago, por la que optaban muchos peregrinos, al entrar en Galicia, sobre todo en la época invernal, para evitar encontrarse con el dificultoso paso de las cumbres nevadas del Cebreiro.*

*Cuando el caminante deja el albergue de Ponferrada, antesala de las tierras gallegas, se le presentan dos opciones para continuar hasta la tumba del Apóstol: una, seguir de frente, por el Camino Francés; otra, desviándose a la izquierda, por el Camino de Invierno. Éste último, sigue, prácticamente, el cauce natural que marca el río Sil, por unas cotas más bajas del terreno, convirtiéndolo en un camino natural de comunicación entre Galicia y la meseta castellano- leonesa. Una ruta que fue seguida por los diferentes pueblos a lo largo de la historia, desde los romanos a las tropas napoleónicas francesas, para hacer sus incursiones en tierras gallegas. Y, la que siguió el primer trazado de la línea férrea para entrar en Galicia, la línea Palencia – A Coruña, inaugurada en 1883.*

*A lo largo de unos 210 kms, recorrerá las cuatro provincias gallegas, tras dejar la comarca leonesa del Bierzo. Hace su entrada en Galicia por la comarca orensana de Valdeorras, sigue por el Sur de la provincia de Lugo y ya en las estribaciones del monte*

*Faro, entra en la comarca pontevedresa del Deza, uniéndose en Lalín (albergue de A Laxe) al camino Sanabrés o Mozárabe, hasta Santiago de Compostela.*

*Además del río, un fiel acompañante, en gran parte del recorrido, hay dos singularidades que identifican esta ruta: una, cruza el parque arqueológico de Las Médulas, declaradas Patrimonio de la Humanidad; otra, atraviesa gran parte de la Ribeira Sacra, por el Sur lucense, salpicada del mayor número de iglesias románicas gallegas, enclavadas, en su mayor parte, en los impresionantes cañones del río Sil y laderas del río Miño.*

1. Así describe el Camino de Invierno la Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, en su página web, [www.caminodeinvierno.com](http://www.caminodeinvierno.com). Descripción que reproducimos, por entender que no cabe otra mejor.
2. La importancia histórica de este recorrido en el pasado, está debidamente documentada. La importancia que esta ruta está llamada a alcanzar en el futuro, - por la repercusión turística que sin duda tendrá, en las poblaciones que se encuentran en su trayecto- está por venir, pero es fácilmente imaginable.
3. No cabe hablar del Camino de Invierno, sin hacer un reconocimiento expreso a la Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, -y a sus responsables en particular-, que en una labor ingente a lo largo de estos años, perseveraron en la recuperación, difusión y puesta en valor de esta importante ruta de peregrinación.
4. El pasado 26 de abril, el Parlamento de Galicia aprobó la Ley de Patrimonio Cultural en la que se incluye el Camino de Invierno entre las rutas principales de los Caminos de Santiago.
5. El Camino de Invierno, en su discurrir por Galicia, atraviesa la Ribeira Sacra, este Ayuntamiento y la ciudad de Monforte en particular. Alcanzado el reconocimiento oficial del Camino de Invierno, se abre una gran oportunidad para toda la Ribeira Sacra y para nuestra localidad en particular, que debemos favorecer por todos los medios posibles.
6. El Ayuntamiento de Monforte viene soportando desde hace años el alquiler de inmuebles sin hacer uso alguno de los mismos. Uno de esos inmuebles es el bajo del local sito en la planta baja del antiguo Hotel Comercio en la Plz. Dr. Goyanes, por el que soporta se pagan 338 €/mes entre alquiler y comunidad, sin darle utilidad alguna, lo que representa un uso indebido de los recursos públicos.
7. Urge darle utilidad al local señalado, a fin de que ese gasto mensual derivado del alquiler, no devenga inútil como ocurre desde hace años.

8. Se estima que el local señalado, por su ubicación en el trazado del Camino de Invierno, por sus características y visibilidad, sería óptimo para ser utilizado como un centro de recepción de peregrinos, interpretación y divulgación del Camino de Invierno, en todo su recorrido, y de modo especial, a su paso por la Ribeira Sacra, y particularmente a su paso por Monforte.
9. Entendemos que ostentando el uso del local el Ayuntamiento, cabe cederlo a la Asociación de Caminos a Santiago por la Ribeira Sacra, con el fin de que sea utilizado como centro de recepción de peregrinos, interpretación y divulgación del Camino de Invierno, en todo su recorrido, y de modo especial, a su paso por la Ribeira Sacra, y particularmente a su paso por Monforte.  
Por eso, este grupo propone, ceder el uso del local señalado a la Asociación de Caminos a Santiago por la Ribeira Sacra, con el fin expuesto. Y de no estar previsto ese uso en el contrato formalizado en su día con el IGVS, y estimarse necesario, se hagan las gestiones oportunas, con este organismo, a fin de hacer las modificaciones que permitan tal cesión.
10. Por otra parte, se advierte que en la redacción del último PXOU de Monforte, no existía referencia alguna al Camino de Invierno. Consideramos que esta ruta de peregrinación debe incluirse en cualquier caso, y tener reflejo, por su importancia, en el PXOU de Monforte, cuando se retomen las labores de redacción del mismo, de la misma forma que ya se incluían otros proyectos futuros, menos viables a corto plazo. Consideramos que igualmente debe tener reflejo esta ruta en la redacción del PEPCHA, por cuanto el trazado, del Camino discurre por zonas del casco antiguo. Cuestión esta que este grupo ya elevó a este Pleno en fecha octubre de 2013, sin constancia de que se le haya dado cumplimiento, más allá de la inclusión de un enlace en la página web del Concello, que también solicitábamos.
11. Este Grupo Municipal, considera el interés que esta ruta representa para la recuperación arquitectónica e histórica de múltiples elementos del municipio, pero también el interés turístico que ya está despertando en la actualidad, y sin duda representará en el futuro, constituyéndose en una puerta abierta a los atractivos paisajísticos, monumentales, gastronómicos etc., de los municipio por los que discurre, en general y de Monforte en particular.
12. Por eso, se hace imprescindible hacer un esfuerzo para mantener en estado óptimo los caminos por los que discurre el Camino de Invierno en este municipio, sin perjuicio de otras actuaciones más ambiciosas que sean necesarias en el futuro.

Y en base a ello, este Grupo Municipal eleva al Pleno de la Corporación la siguiente Propuesta:

- 1.- Acordar la cesión del local sito en la planta baja del antiguo Hotel Comercio, situado en la Pza. Dr. Goyanes, a la Asociación de Caminos a Santiago por la Ribeira Sacra, con el fin de que sea utilizado como centro de recepción de peregrinos, interpretación y divulgación del Camino de Invierno, instando al equipo de gobierno a efectuar las gestiones necesarias, a tal fin, incluidas las que resulten pertinentes con el organismo titular del inmueble, -el IGVS-, de ser preciso.
- 2.- Instar al equipo de gobierno a reforzar la limpieza y mantenimiento de los caminos de este municipio por los que discurre el Camino de Invierno, a fin de mantenerlos en un estado óptimo, sin perjuicio de actuaciones futuras que se estimen necesarias.
- 3.- Incluir el trazado del Camino de Invierno en la normativa urbanística que se esté elaborando o se vaya a elaborar en el futuro (PEPCHA y PXOU)”.

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), seis votos en contra (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

#### ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal do do PP para dedicar o baixo do Hotel Comercio a Centro de recepción de peregrinos, interpretación e divulgación do Camiño de Inverno, e outras actuacións relacionadas.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que saúda aos representantes da Asociación do Camiño de Inverno presentes a esta hora no público. Remítese á súa páxina web. Fai unha exposición similar ao que figura na moción. Somos conscientes do informe de Secretaría, por iso as xestións para que se permita este uso. Esperamos contar co apoio dos demais Grupos. Despois referireime á emenda do BNG.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que concorda o seu Grupo sobre o de pagar por un local sen uso. Preguntamos ao Alcalde, que xa tiña algo pensado e seguimos sen sábelo, cando quererá facelo público.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que fai un recoñecemento á Asociación. A ruta está recentemente recoñecida pola Xunta. Hai que agradecer o esforzo da Asociación do Camiño de Inverno. Nos puntos 2 e 3 da proposta do PP, moi a favor. O punto 1 é de decisión máis difícil ou complicada, ten que ver coa resposta á posible afluencia de peregrinos tralo recoñecemento. O anterior equipo de goberno xa tiña algún plan respecto ao Hotel Comercio. Descoñezoo hoxe a magnitude de peregrinos a atender. Hai que mirar tamén horarios, custo da calefacción, etc. Para empezar a nosa emenda é para que se faga no Centro do Viño. Está montado, sen necesidade de obras ou de arranxos. Ten persoal cualificado. Tamén ten un papel importante a Xunta, non debe soportar a recepción de visitantes só a Asociación. Cando xa é oficial o camiño, o tratamento ten que ser similar ao dos demais camiños. (A emenda é de substitución do punto 1 da proposta de acordo que figura na moción, *“de tal xeito que sexa o propio edificio do Centro do Viño o que se utilice como centro de recepción de peregrinos, interpretación e divulgación do Camiño de Inverno, dado que o Centro do Viño é un espazo aberto ao público practicamente toda a semana, é un lugar dentro do tramos e itinerario do propio Camiño, é un lugar de referencia obrigada ao ser a sede da Oficina de Turismo Municipal e moi céntrico para calquera persoa que se achegue á nosa cidade”*).

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que é razoable o dito polo BNG. Hai unha dimensión oficial coa Xunta de Galicia. Saúdo aos presentes que tanto teñen loitado, está ben o conseguido despois de tantos anos de loita. O Partido Socialista –cita a algúns parlamentarios- ten feito iniciativas para o recoñecemento. Hai que agradecer o traballo feito pola Asociación. É positivo para o Concello de Monforte, para o turismo e a economía. Sobre o local do baixo do Hotel Comercio, xa está contestado co informe do Secretario. Vaise acondicionar, hai 15.000 euros no orzamento de 2016. O proxecto orixinario era un viveiro de empresas. Vaise cara a outras dependencias municipais. O acondicionamento dos camiños, como tódolos municipais. Pero como en outros camiños de Santiago, o acondicionamento e a sinalización é do Xacobeo. Hai que instar preferentemente á Xunta, que actúe como no camiño francés.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que está ben o recoñecemento, pero non comparte o do BNG sobre a Asociación. Quen mellor? Moitos albergues lévanos

asociacións. O Centro do Viño ten outra entidade, non se trata só de recibir como unha oficina de turismo, é preciso un local específico, céntrico, visible. Hai tantas asociacións que xestionan cousas. O que se está a debater é, partindo deste acordo, a vontade política para xestionar co IGVS ou non ter vontade política e mirar para outro lado. Non hai uso máis acaído que este para este inmovible.

De Dna. Maribel García Díaz, que se alegra de ver tanta xente aquí da Asociación. Eu tamén participei nalgunha campaña reivindicativa. O Camiño de Inverno é un revulsivo para Monforte, igual que para as vilas polas que pasan camiños. Mellor é unha iniciativa para un albergue en Monforte. Valoro moitísimo o traballo da Asociación do Camiño de Inverno, agradezo a súa presenza, pero gustárame velos máis. Non sei se o ton sería o mesmo se vostedes non estivesen aí. A favor dun albergue. Que se retire o punto 1 do acordo da moción. De acordo cos puntos 2 e 3.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que lamenta a postura do PP. Este tema non debería dividir á Corporación. O Grupo de goberno parece que ten un plan para o Hotel Comercio. Supoño que o Xacobeo terá unha política deseñada para tódolos camiños. Se o Xacobeo delega na Asociación, vale. O único que pido é que o Camiño de Inverno teña o mesmo tratamento que os outros camiños. Tamén como resolver sobre un local que non é posible.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que o local é para uso municipal. Coñece o punto 4 do informe xurídico. Queda moi ben vir aquí a que se ceda e que outros o neguen. Tampouco é o único local municipal. Terá destino a dependencia municipal cando estea acondicionado. A partir de aí, o noso voto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que intúe que van votar en contra, o que lamenta. O que di ese informe é “sen autorización expresa do IGVS”. E se o IGVS está disposto e vostedes non fan as xestións? Non é o único local, é o que solicita a Asociación. Hai tres elementos nos que temos que basearnos: Porto Seco, Camiño de Inverno, Ribeira Sacra. Se ceden locais, por que non a esta Asociación? O ton é o que ten que ser, o de apoiar a unha Asociación que ten traballado. Non dá igual o que votemos aquí: se votamos que se fagan as xestións non é o mesmo que non aprobalo. Estamos a pedir implicación cunha Asociación que ten acadado o mérito do recoñecemento do Camiño de Inverno. (Pregunta a Sra. Vega se aínda está o PP disposto a ver outro local alternativo). O problema é que non hai outro local destas circunstancias.

(Trala votación, o Sr.Alcalde lamenta algún incidente habido no público e di que habería que pensar en poñer seguridade no Pleno).

**10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A EMISIÓN DE INFORME DE PREXUIZOS DERIVADOS DOS INCUMPRIMENTOS DE AQUALIA POR TÓDOLOS CONCEPTOS.**

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Marina Douton Rajo, Dna. Pilar López Martínez, Dna. Purificación Argiz Quintas, D.Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Gloria Prada Rodríguez, o Sr.Alcalde –substitúeo na presidencia a 1ª Tte. de Alcalde Dna. Gloria Prada Rodríguez (non coincidiron por tanto as súas ausencias)-, Dna. Alicia Cadarso Palau e D.Víctor López Mateo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

El Grupo Municipal del Partido Popular, al amparo de lo establecido en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Administraciones Locales y en el marco de la Comisión Informativa Especial de Investigación de las circunstancias de la desaparición de la oferta presentada por la concesionaria Aqualia, que se llevó a cabo en el anterior mandato en este Ayuntamiento, solicitó en su día que se emitiera informe, que permita cuantificar los daños y perjuicios de todo tipo derivados de la desaparición de la oferta y de la falta de cumplimiento de sus obligaciones, por parte de la entidad Aqualia, así los derivados entre otros, de la inejecución de las mejoras ofertadas, los daños y sanciones soportados por vertidos, el canon de explotación dejado de percibir durante años etc.

Recientemente, y conocido que se están manteniendo negociaciones con la concesionaria del servicio de abastecimiento y saneamiento, este grupo municipal solicitó nuevamente la emisión de informe en los siguientes términos:

Que por los servicios de Secretaría e Intervención del Ayuntamiento, sin perjuicio de la colaboración que precisen de otros servicios municipales, se elabore y de traslado a este grupo municipal, de un Informe en el que se cuantifiquen los daños y perjuicios irrogados a este Ayuntamiento, por cualquier concepto, (sanciones por vertidos, daños,



falta de ejecución de mejoras y perjuicios derivados, excesos de consumos por falta de localización y eliminación de fugas, inexecución de renovaciones, sustituciones o reparaciones, inversiones de todo tipo etc.) derivados de incumplimientos de sus obligaciones contractuales por parte de la concesionaria Aqualia.

Recientemente, se ha remitido a este grupo informe emitido por el servicio de intervención en el que se señala que se precisan informes técnicos para valorar perjuicios derivados de la falta de ejecución de mejoras, por carecer de criterio técnico para cuantificarlas, sobre falta de ejecución de inversiones y otros conceptos, que ya se informó o no se está en disposición de informar.

Se percibe un afán obstruccionista, en cuanto a la posibilidad de conocer con rigor el alcance de los perjuicios que los múltiples incumplimientos de esta concesionaria le llevan ocasionado a este Ayuntamiento.

Se refiere el informe y el escrito de Alcaldía a unas manifestaciones de una interventora en el marco de la comisión, que no se pueden tomar como elemento único para fundamentar la petición de informe, y mucho menos para justificar la negativa a hacerlo como se pretende.

En base a lo anterior y por entender que la cuantificación de las cantidades que estaríamos en disposición de reclamarle a Aqualia, es un elemento fundamental para cualquier negociación que se quiera llevar a cabo,”

O Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

“1º/Instar al equipo de gobierno a solicitar de los servicios de Secretaría e Intervención del Ayuntamiento, -sin perjuicio de la colaboración que precisen de otros servicios municipales-, se elabore Informe en el que se cuantifiquen los daños y perjuicios irrogados a este Ayuntamiento, por cualquier concepto, (sanciones por vertidos, daños, falta de ejecución de mejoras y perjuicios derivados, excesos de consumos por falta de localización y eliminación de fugas, inexecución de renovaciones, sustituciones o reparaciones, inversiones de todo tipo etc.) derivados de incumplimientos de sus obligaciones contractuales por parte de la concesionaria Aqualia.

2º De no estar estos servicios en disposición de efectuar el informe señalado, se solicite la asistencia técnica necesaria de los servicios jurídicos de la Diputación Provincial de Lugo, incluido lo que corresponde a la adecuada interpretación de la oferta presentada en su día por la concesionaria en cuanto a la financiación y ejecución de inversiones que compromete.

3º En última instancia y de no estimarse posible lo anterior, solicitar los servicios de una consultoría externa al objeto de cuantificar los perjuicios señalados en el punto 1º facilitando a tal fin los datos e información necesarios.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que as manifestacións dos veciños ao saír non requiren seguridade. Cantas veces, en altercados, non abriu a boca porque era contra o PP? A moción sobre as posibilidades de reclamar a Aqualia ten un acordo con tres opcións. Espero contar co apoio dos outros Grupos. (O Sr.Alcalde di que non é admisible o que se dixo, que non somos dignos de estar aquí).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que a presión da xente moderaba o discurso. Sería bo animar aos veciños a vir. A dignidade é persoal, ao mellor políticamente non somos tan dignos. Este Grupo vai votar a favor da moción. Na Xunta de Portavoces, xa o dixen –con mofa do Sr.Torres de que estou contra os técnicos, non é así-. Atribúese a Napoleón que se queres solucionar un problema, pon un responsable; se non queres solucionalo, nomea unha Comisión. As comisións non valen para nada. O responsable primeiro foi Nazario Pin, que decide privatizar o servizo e ata 2003 non cumpre coa oferta. Dende 2003, quen gobernou é responsable. Non é de recibo que non se atopasen os tomos da oferta. De acordo con facer a cuantificación. Ao mellor, excédelles o traballo, é unha problemática complexa. Hai imposibilidade de cuantificar por Intervención, segundo a portavoz do PP.

De Dna. Mª José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que sobre o de Esperta Monforte de moderación por haber público, di que é normalmente moderada. Efectivamente, hai que saber estar nos sitios. Non fago responsable á portavoz do PP, cada un é responsable dos seus actos. É un contrato diabólico, que trae consecuencias. Non había dotación de prazas de técnicos ata non hai moito. Sen capacidade de controlar, a concesionaria campa. Mellor pagar, que non que a concesionaria domine. Se hai dificultades para facer as valoracións, está a situación do servizo de Intervención,

etc., hai profesionais externos. Por exemplo, os que con eles conseguimos reducir por cinco a reclamación de Aqualia.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que cando non se vota o que se desexa, non por iso se é non democrático e indigno. O que non procede é presionar a vontade. Por primeira vez en quince anos, houbo negociacións, cuxo resultado deuse a coñecer. Estamos considerando levalo a Pleno. Quere que primeiro se requira aos técnicos municipais. En segundo lugar, á Deputación; non sei de que forma se pode pedir. En terceiro lugar, unha consultoría externa, que non é gratuítas; a quen nos diriximos?, concurso ou non?, partida económica?. Unha mínima concreción fai falta. Na Comisión de Investigación xa o pediu, e co anterior Alcalde non houbo informe.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á portavoz do BNG que está ben o de ser moderado, e á portavoz de Esperta Monforte que foi participe de manifestacións da súa plataforma, que aquí viñeran con pancartas. Ao portavoz do Grupo Socialista, dille que non estivo no mandato anterior, no que esta portavoz foi obxecto de moitos insultos sen que ninguén dixese algo como o que dixo o Alcalde. Que viñesen os que viñeron hoxe non cuestiona o voto habido. Dona Maribel non participou na Comisión de Investigación, parece mentira o da imposibilidade de valorar, nós fixemos unha valoración do parque acuático por referencia ao de Cerceda.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di á portavoz do PP que o que fixo foi poñer en valor a presenza de persoas. Efectivamente dixemos cousas aquí e pido o mesmo para calquera, con respecto á institución. Cremos que se pode obviar o punto 1 e o punto 2. Gastar diñeiro en defender este contrato é o mellor diñeiro que se pode gastar, 80.000 euros gástanse nas festas. Pregunte aos veciños se é mellor aclarar isto ou ter a mellor orquestra.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que malo será que nos custe 80.000 euros. Recordo o Plan Xeral, cunha sesión problemática, nunca farei responsables aos corporativos das manifestacións do público. Parécenos ben que se fagan tódolos estudos. Eu fixen unha proposta concreta.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que o voto do seu Grupo é en contra. Non sei – dille á portavoz do PP- de que foi vítima no pasado, entristéceme que non considere indebido o que pasou.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lamenta o voto en contra do equipo de goberno, xa que é para coñecer as obrigas a reclamar a Aqualia e para resolver en serio e con rigor. Non arrastro traumas do pasado, pero é mágoa que non tivese ocasión de ver o que se me dixo por algún tema. Hoxe refírese o Alcalde á seguridade cando non o fixo en manifestacións habidas antes. Lamentar o posicionamento do equipo de goberno que debería ser o máis interesado.

Do Sr. Alcalde, que lle di á portavoz do PP que non a fai responsable. Dixen que se se repetía, seguridade. En case tódolos Concellos, a Policía municipal está presente. Cando o Pleno do Plan Xeral, esta sala estaba abarrotada, o branco dos insultos fun eu por dicir que o Plan Xeral era arranxable en alegacións, pasou na Coruña. Non só vostede foi branco desas cousas, o Alcalde anterior díxome: mala sorte tiveches, as críticas para ti.

### **11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A COLOCACIÓN DUNHA PLACA EN MEMORIA DE MANUEL MARIA NO EXTERIOR DO LOCAL DONDE SE UBICARA A LIBRERÍA XISTRAL.**

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse Dna. Maribel García Díaz e Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O pasado mes de xullo de 2015, o pleno da REAL ACADEMIA GALEGA, decidiu adicar o DIA DAS LETRAS GALEGAS 2016 ao poeta MANUEL MARÍA.

Destacaba a RAG, a súa extensa obra, o ter sido exponente do activismo político, representante da “conciencia” e o “compromiso inquebrantable” coa lingua galega.

Para os monfortinos, MANUEL MARIA, non so é un importante referente da literatura galega, él era un veciño mais, unha persoa coñecida e apreciada que compartiu con nos moitos momentos, na súa actividade como Procurador, na súa vertente política pero sobre todo compartiu o seu talento literario que permanecerá para as vindeiras xeracións.

Somos moitos os monfortinos que recordamos a Manuel María na sua mesa da librería Xistral, que convertira coa sua dona Saleta, nun centro de dinamización cultural.

Por ese motivo, lamentamos que se perda a lembranza dese local, onde o poeta adicara tantas horas ao seu traballo literario.

E por eso que este grupo municipal, considera importante manter a lembranza dese entorno como unha referencia para que as xeracións vindeiras teñan presente que alí, nese local das Galerías Fontecha da nosa cidade se ubicou a Librería Xistral, vencellada xa inexcusablemente á figura de Manuel María.

Por ese motivo, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

1º Instar ao equipo de goberno a facer as xestións necesarias para colocar unha placa no exterior do local onde se ubicara a Librería Xistral, en memoria de Manuel María e do traballo literario por él desenrolado durante anos nese local; de non contar coa conformidade dos propietarios das galerías, colocala en todo caso na rúa.

2º Que tamén se instale outra placa na casa de Roberto Baamonde onde Manuel María viviu tantos anos. Ademais poderíase consensuar poñer un fragmento dun poema.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que intervéñ seguindo a exposición de motivos da moción. Sobre a emenda do BNG: outra placa en Roberto Baamonde, non hai inconveniente en recordar tamén onde viviu; un poema, para decidilo por consenso.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor. A min si me gusta a poesía para a placa e en concreto a do BNG. O Grupo propoñente non se ten distinguido por ser seguidor do poeta e do que representa neste pobo, aquilo por exemplo de estar con Cervantes cando todos deberíamos estar con Manuel María.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que a Librería Xistral fixo un importante labor, tamén de edición, como a colección de poesía “Val de

Lemos". Foi un labor incesante de Manuel María e de Saleta. Non lle puxen número á casa en Roberto Baamonde, creo que foi o 3, todos sabemos a vivenda á que nos estamos refirindo. Non hai problema en que non se poña esta primeira estrofa dun poema, que os representa ben para a casa. Recolle ben o que se pretende, pero se por consenso hai outro poema, retiramos este fragmento, pero que se contemple algún sobre Monforte e Manuel María. (A emenda do BNG é de engádega, de tal xeito que ademais de colocar unha placa no exterior do local da antiga Librería Xistral, tamén se instale outra na casa de Roberto Baamonde onde Manuel María viviu tantos anos. Ademais mesmo se podería introducir un fragmento do poema "Canción sinxela para rematar": "*Saleta e servidor / seguimos en Monforte / como sempre: / coa nosa humilde / casa e corazón / aberta para Galiza / e os amigos...Proba documental, 1968.*)

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que está ben a moción e a emenda. É xusto e necesario encomiar a Manuel María. Non sei se terá mala conciencia a propoñente porque o 23 de abril non participou no acto sobre Manuel María e fixo unha contraprogramación con Cervantes en San Vicente. Vai haber un curso sobre Cervantes, polo cuarto centenario, coa Universidade de Vigo. Aquilo foi unha equivocación, agora ben corrixido. O equipo de goberno ten unha programación sobre Manuel María, non hai ningún problema no que sexa xusto e necesario. Coa salvedade da autorización necesaria para a colocación da placa, a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece o apoio á moción. Sobre o de Esperta Monforte de non terse distinguido por seguir ao poeta: por riba da Fegamp, os monfortinos deben estar con Cervantes, sen menoscabo de Manuel María. Participei en actos en Outeiro de Rei, e aquí pola tarde. A mala conciencia debería tela o equipo de goberno: compensar cun curso para setembro ningunha idea anterior sobre Cervantes. Recordo a Manuel María na Xistral, como procurador, tratar con el, que Monforte conserve o recordo de Manuel María.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que sobre a celebración do PP de Cervantes, xa manifestou a súa opinión. A periodista Manuela Porto leu sobre Cervantes no acto de Manuel María. Tivemos sensación de boicot cara ao acto de Manuel María.

De Dna. Pilar López Martínez, que recorda que Manuel María é fillo adoptivo de Monforte e foi Concelleiro. Xusto é o recoñecemento da placa tanto onde estaba a Librería Xistral como en Roberto Baamonde.

(D.Iban Torres Rodríguez declina intervir nesta quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que acto institucional non era; se Manuela Porto fixo a referencia a Cervantes, felicitala, pero por wasap pasóusenos que o acto era sobre Manuel María. (Dna. Marina Douton Rajo, Concelleira de Cultura, di que se chamou por teléfono a cada portavoz). Acéptase a emenda do BNG, agás que no do poema quedaría así: “Ademais poderíase consensuar poñer un fragmento dun poema”.

### **PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

#### **12. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 19.04.2016 a 20.05.2016.**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19 de abril e o 20 de maio de 2016.

#### **13. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 20.04.2016 e 05.05.2016) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **14. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE DE 2016 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAP.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2016, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

#### **15. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 1º TRIMESTRE DE 2016.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2016, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 12,70.

**16. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2016.**

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2016:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

**17. ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º) ROGO que presenta D. E. Iván Vázquez Rodríguez, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular. Entregado por escrito neste momento.**

“Antecedentes:

Determinados camiños da parroquia de Caneda presentan un elevado tránsito de vehículos (camións de transporte de pensos e recollida de leite a explotacións gandeiras, camións de transporte de madeira, turismos de veciños das parroquias de Rozabales e Vilamarín, que empregan esta vía como atallo para os seus desplazamentos a Monforte e mesmo como acceso a N-120), entre os que destacan os seguintes:

- Camiño que entronca coa carretera de Rozabales ata o campo da festa de Caneda.
- Camiño dende o "campo da festa", pasando por Bao e que remata na vía de servizo do regadío do Valle de Lemos.

Consecuencia das condicións climatolóxicas deste inverno, unido a falla de mantemento de cunetas, pasos de auga, firme,... e ó abundante tráfico diario, estas vías presentan un elevado estado de deterioro, coa presenza de grandes socavóns e mesmo en algunhas zonas desaparición da capa de rodadura.

Por tódolo exposto, presento no Pleno o seguinte: ROGO:

Que á maior brevidade posible se proceda nos camiños arriba mencionados a reparar os seguintes treitos:



- No camiño dende a carretera de Rozavales ata o campo da Festa: reafirmado e riego bicapa no tramo comprendido entre o cruce da "pista do pozo" e o "campo da festa".
- No camiño dende o "campo da Festa" ata o empalme co camiño de servizo do regadío do valle de lemos, pasando por Bao: reafirmado e riego bicapa."

**Responde o Sr.Alcalde** que os teremos en conta, igual que outros moitos, na medida das posibilidades.

**2º) Contestación polo Sr.Alcalde a preguntas do Pleno anterior:**

**Do Grupo do PP.-**

- Sobre acto conmemorativo do IV centenario do falecemento de Cervantes, consideramos prioritario a Manuel María: é o ano que Galicia dedica a este poeta e a Real Academia Galega dedicoulle o Días das Letras Galegas.
- Sobre como afecta a diminución orzamentaria ao Plan de Redución de Vertidos, dependerá das axudas que haxa doutras administracións e da propia Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. E sobre que pasará nesa circunstancia coa suspensión das sancións por vertidos, o Plan ten vixencia para o período 2016-2026 e levarase a cabo; hai vontade de facelo, hai que mirar de acometer as catro primeiras actuacións, esperamos que haxa moratoria de sancións pola vontade de facelo nun prazo de ata o ano 2013.

**Do Grupo de Esperta Monforte.-**

- 1) Referente á obra das conducións de auga en determinadas rúas.-
  - Si está certificada a obra.
  - A empresa si respectou substancialmente o proxecto, segundo palabras textuais do Técnico responsable.
  - A modificación do proxecto explica un informe do Técnico.
  - Non se retiraron os materiais da vella condución, porque esta deu servizo ata o novo servizo, quedaron debaixo.
  - Como non se quitou, non se levou a ningún sitio ese material.
- 2) Está arranxado o punto informativo que está á entrada do Parque dos Condes.

- 3) Estamos no do local para a Asociación “Ruliños Terra de Lemos”. Pide dous locais, para dúas actuacións, xa non é tan fácil, pero non dicimos que non, e estamos colaborando no uso de instalacións.
- 4) Sobre xestión cos xerentes sanitarios, teño falado e comentado con eles os problemas. Hai unha contestación a unha moción do Pleno que foi entregada aos Grupos na Comisión Informativa.

**3º) Preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular**, presentadas por rexistro na mañá do día da sesión, e

**Preguntas do Grupo Municipal de Esperta Monforte**, entregadas por escrito ao inicio do Pleno.

O Sr. Alcalde di que estas preguntas non se van contestar hoxe.

#### **Do Grupo do PP.-**

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- El pasado 27.04.2016, personal municipal del Ayuntamiento de Monforte, realizó obras en la C/ Armando Cotarelo, que afectaron a la red de abastecimiento, puesto que los vecinos de la zona, vieron afectada la presión y la coloración del agua, durante esa jornada.

2.- Es sabido que las reparaciones en la red, pero también las acometidas, tanto de abastecimiento como de saneamiento, y tanto en lo que se refiere a su instalación como a su mantenimiento, son competencia de la concesionaria Aqualia.

3.- Se ha tenido conocimiento de clausura por la concesionaria de acometidas en el caso de bajas temporales, requiriendo luego el pago de importantes cantidades para su reparación.

4.- Debiendo aprobarse por el Ayuntamiento precios de las obras de acometidas, no hay constancia de que hayan sido aprobadas a fecha actual.

Por eso se le formula al Sr. Alcalde las siguientes PREGUNTAS:

1.- EN QUE CONSISTIERON LAS OBRAS LLEVADAS A CABO POR PERSONAL MUNICIPAL EN LA C/ ARMANDO COTARELO EN FECHA 27.04.2016?

2.- ¿CUALES SON LAS RAZONES, POR LAS QUE PERSONAL MUNICIPAL, LLEVO A CABO LAS SEÑALADAS ACTUACIONES EN LA RED, TENIENDO EN CUENTA QUE TANTO LAS REPARACIONES COMO LAS ACOMETIDAS DE LA RED DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO, CORRESPONDE EFECTUARLAS A LA ENTIDAD AQUALIA?.

3.- CUAL ES EL PROCEDIMIENTO SEGUIDO POR LA CONCESIONARIA EN CASO DE BAJAS TEMPORALES DE INMUEBLES?

4.- CUALES SON LOS PRECIOS APLICADOS POR LA CONCESIONARIA EN CASO DE NUEVAS ACOMETIDAS O REHABILITACIÓN O REPARACIÓN DE LAS EXISTENTES?

5.- HAN SIDO ESOS PRECIOS APROBADOS POR EL AYUNTAMIENTO?"

**Do Grupo de Esperta Monforte.-**

“Noticia en La Voz de Galicia edición Lemos: 01 de mayo de 2016

“Aparatoso accidente en la calle Reobedo

Un coche sufrió un vuelco cuando circulaba por la xona poco antes de las diez y media de la noche.

Un turismo sufrió un vuelco poco antes de las diez y media de la noche de ayer en la calle Reboredo de Monforte, golpeando levemente a otros vehículos estacionados en la Zona . Pese a la aparatosidad del suceso, el conductor no sufrió heridas. **La Policía Local no le realizó la prueba de Alcoholemia, ya que no presentaba ningún síntoma, y baraja la hipótesis e un fallo mecánico en los bajos del coche”**  
<http://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/monforte-de-lemos/2016/05/01/aparatoso-accidente-calle-reboredo/000031462054256158567415.htm>.

No estado Español a lei non permite a conducción de vehículos se a “tasa de alcoholemia” supera os 0,5 gramos por litro en sangue (o 0,25 mg/L de aire espirado) agás nos casos de conductores con menos de 2 anos de carné e nos profesionais, nos que a cifra é de 0,3 g/L de alcohol en sangue , que equivale a 1.15 mg/L en aire. Por riba destas cifras, aplicanse as sancións correspondenes. Se é maior 0,60 mg/l de alcohol en aire será delito.

A simple vista e difícil detectar o grado e alcolemia mesmo en casos que superan por moito o límite legal, e neses casos a seguridade vial veríase xa gravemente comprometida.

O accidente ao que fai referencia a noticia tivo lugar a altura do número 137 da rúa do Reboredo a escaso 80 metros do paso a nivel.

Neste tramo da rúa de entrada á Monforte, a velocidade está limitada a 40 km/h , tal como indica o sinal situado perto do cruce /enlace coa N-120

A esta velocidade e fisicamente imposible que un vehículo poda emborcar quedando coas rodas para arriba, tal e como aconteceu.

Pregunta :

1-É certa a información recollida polo xornal de que non se lle fixo ao conductor a proba de alcolemia por non presentar síntomas?

2-Nos últimos 2 anos cantos sinistros de tráfico sucederon no ámbito local?

3-En cantos destes sinistros se procedeu a realizar proba de alcolemia pola policía local?

4-Cantos dos sinistros sucedidos no ámbito local tiveron como resultado lesionados ou mortes?

5-Pensa o Sr Alcalde tomar algunha medida ao respecto, para reducir o número de sinistros?"

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo a unha horas e dez minutos do seguinte día, de todo o cal eu, Secretario, certifico,

Vº e pr.  
O Alcalde,

